Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2021

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. O terceiro trimestre de 2021 presenta unha consolidación da reactivación da actividade económica iniciada no trimestre anterior ao presentar unha medra interanual do 3,2%, o que supón cinco décimas por riba da media española. Este dinamismo é menos intenso que o experimentado no conxunto da UE-27 (3,9%) ou en Francia e Portugal, os principais socios comerciais de Galicia, cuxas taxas de variación interanual sitúanse no 3,3% e 4,2%, respectivamente.

2. O PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Francia e o conxunto da Unión Europea presentan niveles moi próximos ao nivel precrise, situándose Alemaña 1,1 puntos por baixo.

3. O crecemento do PIB real en Galicia e España caracterízase por unha achega positiva tanto da demanda interna (1,4 puntos) como externa (1,8 puntos). No que atinxe á demanda interna, o gasto en consumo final, tanto público como privado, presenta taxas de crecemento positivas superiores á media estatal, ao contrario do que acontece no caso do investimento, que presenta unha contracción do 3,3% en Galicia fronte ao incremento do 1,3% en España. No caso do sector exterior, a contracción das exportacións e as importacións galegas (2,7% e 5,7%, respectivamente) contrasta coas taxas de variación positivas superiores ao dez por cento na economía española. En relación ao nivel precrise cómpre resaltar tres aspectos: tan só o gasto público presenta en Galicia e España valores superiores aos do cuarto trimestre de 2019; a contracción do gasto privado e do sector exterior en Galicia é inferior á media española; e por último, a maior caída do investimento na comunidade autónoma.

4. Dende o punto de vista da oferta, a reactivación económica en Galicia no terceiro trimestre rexístrase tan só no sector servizos, o que contrasta co rexistrado en España, onde a industria manufactureira medra un 1,2% fronte ao descenso do 0,5% en Galicia. Asemade, a contracción do veb xerado polo sector primario e a construción é significativamente menos intensa en Galicia que en España. En relación aos niveis prepandemia, tanto en Galicia como no conxunto do Estado os sectores de administración pública, sanidade e educación e o das actividades financeiras e de seguros presentan no terceiro trimestre deste ano valores superiores, rexistrándose as maiores caídas no caso da construción, as actividades artísticas, recreativas e as actividades profesionais.

5. A produtividade do tecido produtivo galego no seu conxunto segue a ser inferior á media española, se ben o diferencial redúcese ao longo do período analizado. En termos de PIB por hora traballada en 2014 Galicia representaba o 87,8% da media española fronte ao 93,8% no último trimestre do ano. Unha vez máis cómpre insistir na baixa produtividade do sector manufactureiro en relación ao conxunto do Estado que representa o 71,9% bo último trimestre fronte ao 78,2% antes da crise económica iniciada en 2019.

6. A devandita reactivación do PIB trasládase ao mercado de traballo que presenta en termos agregados e cuantitativos un bo comportamento atendendo á evolución, tanto no caso dos homes como das mulleres, das taxas de actividade, ocupación e desemprego. Asemade, cómpre destacar o descenso do paro de longa duración nun 4,1%, que coa crise da covid rachara a súa tendencia decrecente. A diferenza do que acontece co PIB, tanto a poboación ocupada (medra un 2,8% respecto ao ano anterior) como as afiliacións (2,6%) acadan neste último trimestre o nivel precrise, situándose lixeiramente por baixo o indicador de postos de traballo equivalente a tempo completo (presenta unha taxa de variación interanual do 4%).

7. A pesar da mellora da ocupación, estes datos teñen de ser matizados tendo en conta que Galicia mantense entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa). Asemade, este dinamismo non foi homoxéneo tendo en conta que a devandita mellora concéntrase fundamentalmente no sector servizos, salientando por contra os importantes descensos da ocupación na industria manufactureira e na construción. Entre os servizos todas as ramas agás a hostalería presentan unha mellora da ocupación, en tanto que no ámbito da industria manufactureira tan só a industria alimentaria aumenta a súa ocupación respecto ao ano anterior.

8. Segundo os datos da EPA a reactivación económica tradúcese nunha medra do emprego por conta allea e por conta propia. Dunha banda, entre os asalariados Galicia presenta unha medra tanto no ámbito privado como en maior medida no público, o que contrasta co estimado no conxunto do Estado onde o ámbito privado presenta un maior dinamismo. Doutra banda, o mercado laboral galego caracterízase por unha medra tanto dos empresarios con asalariados como no que non os teñen, en tanto que no mercado de traballo en España descende o número de empresarios sen asalariados.

9. Por contra, a calidade de emprego non mellora na mesma intensidade, dado o maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto da ocupación a tempo completo (10,4% e 1,7%, respectivamente) como un incremento dos asalariados con contrato temporal significativamente máis intenso que dos que teñen un contrato indefinido (8,4% e 0,6%). Asemade, cómpre mencionar a elevada da desigualdade entre homes e mulleres atendendo ao peso relativo do emprego a tempo parcial entre as mulleres xa que tres cuartas partes do emprego parcial corresponden ás mulleres; case a cuarta parte das mulleres teñen un emprego a tempo parcial fronte ao 6,2% no caso dos homes. No concernente ao desemprego, as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e persoas con estudos primarios seguen a ser os colectivos máis afectados polo paro.

10. A pesar de que o impacto da covid na actividade produtiva en Galicia no ano 2020 foi menos intenso que no conxunto das CC.AA., o índice de competitividade rexional reflicte que tan só Galicia e a Comunidad Valenciana presentan unha perda da súa posición relativa (noveno posto en 2020) manténdose entre as CC.AA. cun nivel de competitividade medio-baixo.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Decembro de 2021

I- ANÁLISE DE CONTAS

Actividade económica en Galicia no terceiro trimestre de 2021. Consolidación da reactivación da economía galega?

O reactivación da economía galega iniciada no trimestre anterior semella consolidarse no terceiro trimestre de 2021, que presenta unha medra interanual do 3,2% cinco décimas superior á media española. No conxunto da Unión Europea a taxa de variación interanual ascende a 3,9%, presentando Francia e Portugal, os principais socios comerciais de Galicia, crecementos superiores a Galicia: 3,3% e 4,2%, respectivamente. O PIB real galego aínda se atopa 3,5 puntos por baixo do nivel precrise, o que supón un mellor comportamento que a economía española (6,6 puntos) ou de CC.AA. como Cataluña ou País Vasco (5,3 e 5 puntos). Francia e o conxunto da Unión Europea presentan niveles moi próximos ao nivel precrise, situándose Alemaña 1,1 puntos por baixo.

O crecemento agregado do PIB neste terceiro trimestre caracterízase por unha achega positiva tanto da demanda interna como externa, seno esta última lixeiramente máis acusada: 1,4 e 1,8 puntos respectivamente. No concernente á demanda interna, o gasto en consumo final, tanto público como privado, presenta taxas de crecemento positivas superiores á media estatal, ao contrario do que acontece no caso do investimento, que presenta unha contracción do 3,3% en Galicia fronte ao incremento do 1,3% en España. No caso do sector exterior, a contracción das exportacións e as importacións galegas (2,7% e 5,7%, respectivamente) contrasta coas taxas de variación positivas superiores ao dez por cento na economía española. En relación ao nivel precrise cómpre resaltar en primeiro lugar que tan só o gasto público presenta en Galicia e España valores superiores aos do cuarto trimestre de 2019; en segundo lugar, a contracción do gasto privado e do sector exterior en Galicia é inferior á media española; e por último, cómpre resaltar a maior caída do investimento na comunidade autónoma.

Dende o lado da oferta, a devandita reactivación económica en Galicia no terceiro trimestre rexístrase tan só no sector servizos, o que contrasta co rexistrado en España onde a industria manufactureira medra un 1,2% fronte ao descenso do 0,5% en Galicia. Asemade, a contracción do veb xerado polo sector primario e a construción é significativamente menos intensa en Galicia que en España. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado os sectores de administración pública, sanidade e educación e o das actividades financeiras e de seguros presentan no terceiro trimestre deste ano valores superiores ao nivel prepandemia, rexistrándose as maiores caídas no caso da construción, as actividades artísticas, recreativas e as actividades profesionais.

1- ACTIVIDADE ECONÓMICA

Ao igual que nas economías do noso entorno, a crise económica orixinada pola pandemia provocou unha forte contracción do PIB na economía galega, estando o seu comportamento condicionado pola evolución da pandemia e as medidas adoptadas para frear a súa expansión. No conxunto do ano 2020 a contracción da economía galega foi do 8,9%, porcentaxe significativamente inferior á do conxunto do Estado (10,8%), situándose esta caída interanual no 6,5% no conxunto dos países da UE-27 e no 6,1% no caso da zona euro.

No terceiro trimestre de 2021 consolídase a reactivación da actividade económica presentando por segundo trimestre consecutivo taxas de variación interanuais positivas, se ben de cara ao futuro hai que ter presente o novo reponte dos casos do covid ou o posible impacto negativo do retraso dos fondos de recuperación e resiliencia e a maior ou menor capacidade das administracións públicas para canalizar eses recursos ao tecido produtivo. Dunha banda, tanto o conxunto de países da Unión Europea (UE-27) como da zona euro experimentan unha medra

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas, 2019-2021. Taxas de variación interanual



	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III
	2019				2020				2021		
Zona euro	1,9	1,5	1,8	1,2	-3,0	-14,5	-4,0	-4,4	-1,2	14,2	3,7
UE-27	2,2	1,8	2,0	1,4	-2,5	-13,7	-3,9	-4,1	-1,2	13,7	3,9
Alemaña	1,6	0,5	1,4	0,9	-1,9	-11,3	-3,7	-2,9	-3,0	10,0	2,6
Francia	2,1	2,3	2,0	0,9	-5,4	-18,6	-3,6	-4,3	1,5	18,8	3,3
Portugal	2,8	2,6	2,5	2,8	-2,6	-17,9	-6,3	-6,8	-5,7	16,1	4,2
España	2,4	2,2	2,0	1,7	-4,3	-21,5	-8,7	-8,8	-4,2	17,5	2,7

Fonte: Eurostat e INE

interanual da súa actividade económica do 3,9% e 3,7%, respectivamente.

Entre as principais economías da zona euro, España e Francia, que sufriron o impacto inicial da crise máis acusado entre as principais economías europeas, presentan no último trimestre taxas de crecemento inferiores á media comunitaria, con medras interanuais do 2,7% e 3,3%, respectivamente, situándose esta porcentaxe do 2,6% en Alemaña. Por contra, Portugal, o segundo socio comercial de Galicia tras Francia, presenta unha

Evolución do PIB real na UE-27 e nas principais economías europeas, 2019-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: Eurostat

medra do 4,2% respecto ao mesmo período do ano anterior.

Se a comparación se fai coa situación existente no momento antes da pandemia, a actividade económica da UE e de Francia no terceiro trimestre do ano acada xa un nivel próximo ao existente no cuarto trimestre de 2019, situándose Alemaña tan só 1,1 puntos por baixo. Por contra, o PIB de España atópase aínda 6,6 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 3,2 puntos en Portugal, ou de 1,3 puntos en Italia.

No que á evolución da economía galega se refire, a economía galega presen-

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2021. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

ta una menor incidencia negativa da crise orixinada pola COVID en Galicia ao longo de todo o ano 2020 e primeiro trimestre de 2021. Coa reactivación da economía no segundo trimestre de 2021, a economía galega presenta

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo antes da crise 2008 e 2019



Fonte: IGE e INE

unha taxa de variación interanual do PIB inferior á española nese segundo trimestre ao medrar un 16% e 17,5%, respectivamente. Por contra, no terceiro trimestre de 2021 a economía galega presenta un crecemento do 3,2%, cinco décimas por riba do estimado no conxunto do Estado.

A pesar de que a orixe da crise económica de 2008 e a de 2019 son distintas, se se compara o seu impacto inicial na actividade económica de Galicia e España, a incidencia desta última é significativamente superior, pero a recuperación tamén semella que vai ser moito máis intensa. Tomando coma referencia o valor máis elevado do PIB antes da crise, o PIB galego atópase no terceiro trimestre de 2021 un 3,5% por baixo do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria sendo esta porcentaxe do 6,6% no caso da economía española. No que atinxe á crise de 2008, se ben Galicia presentou un impacto inicial inferior ao rexistrado en España, a recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, acadando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 cando a economía española o acadara no cuarto trimestre de 2016.

Evolución da actividade económica 2019-2021. (Base 4 trimestre 2019 = 100)



Fonte: IGE e INE

Se a comparación se fai coa evolución noutras CC.AA. tomando como referencia a situación existente no momento antes da pandemia (cuarto trimestre 2019), cómpre resaltar que a caída da economía galega non só é menos intensa que a rexistrada en CC.AA como Navarra, País Vasco ou Cataluña, senón que a recuperación da actividade económica galega é superior á de Cataluña e País Vasco (5,3 e 5 puntos porcentuais, respectivamente). Tan só a comunidade autónoma de Navarra presenta un mellor comportamento (2,4 puntos).

DEMANDA AGREGADA

O incremento da actividade económica en Galicia e España no terceiro trimestre do ano ven motivada tanto por unha achega positiva da demanda interna como da externa. Dunha banda, a diferenza do que acontecía dende o comezo da actual crise económica, a demanda externa achega 1,8 puntos porcentuais ao crecemento agregado do PIB galego en tanto que no mesmo trimestre do ano anterior detraía 2,2 puntos (resta oito décimas

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2019-2021



Fonte: IGE e INE

no segundo trimestre de 2021). No conxunto do Estado a demanda externa contribúe en menor medida que en Galicia ao seu crecemento agregado do PIB, con 1,2 puntos (0,2 puntos no trimestre anterior). Por contra, a demanda interna presenta en Galicia unha achega positiva de 1,4 puntos, contribución que se sitúa, ao igual que no trimestre anterior, lixeiramente por baixo do estimado para a economía española (1,5 puntos).

O cadro macroeconómico de Galicia amosa que os compoñentes do gasto

en consumo final, tanto público como privado, contribúen positivamente á devandita consolidación da reactivación económica, o que contrasta co comportamento do investimento que continúa coa súa tendencia decrecente rota tan só no segundo trimestre de 2021. Dunha banda, o gasto en consumo das administracións públicas presenta un incremento interanual por décimo trimestre consecutivo, estimándose unha medra do 4,6%. Doutra banda, por segundo trimestre consecutivo o gasto dos fogares e institucións sen fin de lucro presenta en Galicia taxas de variación interanuais positivas, acadando o 1,5% no terceiro trimestre do ano. Por contra, o investimento rexistra unha caída do 3,3% respecto ao ano anterior cando no segundo trimestre do ano medrara un 16,5%.

Cadro macroeconómico de Galicia 2018-2021. Taxas de variación interanual

%

	2019	2020	2019/III	2019/IV	2020/I	2020/II	2020/III	2020/IV	2021/I	2021/II	2021/III
Produto Interior Bruto	1,1	-8,9	0,7	0,3	-4,3	-17,9	-6,4	-7,0	-2,4	16,0	3,2
Demanda											
Gasto en consumo final	-1,4	-7,2	-1,5	-1,3	-4,5	-17,5	-3,6	-3,2	-0,8	17,4	2,4
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,5	-11,4	-3,0	-2,1	-7,7	-24,0	-6,1	-7,7	-2,5	21,8	1,5
AA. Públicas	1,8	4,8	3,3	1,1	4,9	1,2	3,4	9,6	3,9	7,9	4,6
Formación Bruta de Capital	3,7	-11,8	2,7	-0,6	-7,9	-23,8	-8,6	-6,5	-2,2	16,5	-3,3
Achega demanda interna ao PIB	-0,6	-7,9	-0,7	-1,2	-5,0	-18,3	-4,4	-3,7	-1,0	16,8	1,4
Exportacións	0,6	-5,8	1,9	4,0	-1,0	-23,9	2,2	-1,3	5,6	37,6	-2,7
Importacións	-2,5	-4,0	-0,8	1,1	-2,5	-25,4	6,2	5,0	8,6	41,4	-5,7
Achega demanda externa ao PIB	1,7	-1,0	1,4	1,5	0,7	0,4	-2,0	-3,3	-1,4	-0,8	1,8
Oferta											
Sector primario	0,2	-3,9	-0,1	-0,8	-3,1	-3,1	-3,5	-5,7	-3,3	-2,0	-2,2
Industria	-6,9	-9,2	-8,4	-6,2	-6,3	-20,7	-4,6	-5,2	0,1	16,6	-0,2
Industria manufactureira	0,0	-10,4	1,9	0,9	-4,1	-27,4	-5,7	-4,6	-1,1	26,2	-0,5
Construción	5,8	-9,4	5,6	2,8	-3,3	-19,4	-7,2	-7,6	-6,0	9,3	-5,6
Servizos	2,9	-8,8	2,7	2,1	-3,7	-17,9	-6,5	-7,3	-2,7	17,6	5,1
Comercio, transporte e hostalería	0,4	-21,9	-0,3	-1,1	-10,6	-40,3	-17,6	-19,3	-10,9	48,3	13,6
Información e comunicacións	11,4	0,2	11,7	9,3	9,3	-5,3	-1,3	-1,5	-5,6	2,2	1,1
Actividades financeiras e de seguros	1,4	4,8	-0,7	6,9	-0,9	5,1	7,8	7,2	14,2	7,9	2,6
Actividades inmobiliarias	1,4	-0,1	1,3	1,1	0,6	0,0	-0,5	-0,6	-0,3	0,2	0,5
Actividades profesionais	11,6	-10,2	11,9	8,8	-4,1	-25,2	-4,9	-6,8	0,1	27,5	-2,2
Administración pública, sanidade e educación	2,2	1,0	2,5	1,8	1,8	0,0	0,7	1,4	2,6	4,4	3,8
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	5,9	-20,1	6,7	3,9	-10,1	-41,1	-13,2	-15,8	-6,4	50,0	3,8

Fonte: IGE

En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, o maior crecemento do gasto en consumo final ven motivado tanto polo maior dinamismo do consumo das administracións públicas como do gasto en consumo dos fogares o que contrasta co comportamento do investimento. Dunha banda, o consumo privado medra en España un 1,1% respecto ao ano anterior, catro décimas por baixo do experimentado na C.A., en tanto que no caso do consumo público o diferencial é de case dous puntos situándose a taxa de variación interanual no 2,9% en España fronte aos devanditos 4,6% en Galicia. Por contra, fronte ao devandito descenso interanual do investimento estimado en Galicia, España presenta unha medra do 1,3% no último trimestre analizado.

PIB real en Galicia e España terceiro trimestre 2021. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, tanto en Galicia como en España tan só o gasto das administracións públicas presenta neste terceiro trimestre de 2021 un nivel superior ao rexistrado no derradeiro trimestre de 2019. O nivel de gasto público en Galicia é 10,1% superior ao do cuarto trimestre de 2019, case catro puntos por riba do que acontece na economía española (6,2%). Asemade, cómpre mencionar que tan só o investimento presenta no conxunto de España un mellor comportamento que na comuni-

dade autónoma, tendo en conta que a formación bruta de capital atópase en España sete puntos por baixo do nivel precrise fronte aos case dez puntos no caso de Galicia (9,6%). Por último, o gasto das familias galegas contráese un 4,5% en relación ao cuarto trimestre de 2019 fronte a unha caída de 8,3 puntos no Estado.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte a súa achega positiva ao crecemento agregado do PIB a diferenza do acontecido dende o terceiro trimestre do ano anterior. En 2021 a demanda externa contribúe con 1,8 puntos porcentuais o que contrasta coa achega negativa de oito décimas no trimestre anterior ou de 2,2 puntos no terceiro trimestre de 2020. Isto ven motivado por unha caída interanual das exportacións do 2,7% fronte ao descenso do 5,7% no caso das importacións. No conxunto do Estado as vendas de bens e servizos ao exterior rexistraron unha medra de 13,7% aumentando as importacións un 10,2%, situándose a contribución da demanda externa de 1,2 puntos. En relación ao nivel precrise, as exportacións galegas no terceiro trimestre de 2021 sitúanse un 3,3% por baixo fronte aos 8,8% no caso da economía española, sendo este diferencial menos acusado no caso das importacións (1,1% inferior en Galicia e 4,6% en España).

PIB real en Galicia e España terceiro trimestre 2021. Indicadores de demanda. Base IV trimestre 2019 = 100



Fonte: IGE e INE

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total das exportacións galegas no terceiro trimestre do ano 2021 redúcese un 4,9% por mor, en boa medida, do comportamento experimentado polos sectores do automóbil, cun descenso interanual do 35,9%, de bens de equipamento, principalmente do material de transporte (este último presenta unha caída do 55,3%), e do téxtil-confección, cunha caída das exportacións do 7,8%. Esta caída contrasta co incremento do 13,5% experimentado polo sector da alimentación. Entre xullo e setembro as vendas totais a terceiros países sitúanse en 5.563,5 millóns de euros, o que representa o 35,7% do PIB galego, case catro puntos inferior ao rexistrado no ano precedente (39,5%). A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 7,3%, case dous puntos menos que no ano precedente, o que supón a cota máis reducida nun terceiro trimestre nos últimos quince anos. Ao contrario do que acontece coas vendas ao exterior, as importacións galegas rexistran unha medra do 8,8% respecto ao mesmo período do ano anterior, acadando un valor de 4.659,2 millóns de euros, reducíndose deste xeito o saldo positivo da balanza comercial galega os 994,3 millóns de euros, un 40,3% menos que no ano anterior (671 millóns menos).

A pesar da contracción rexistrada no terceiro trimestre do ano, o sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, o importe das vendas do sector do automóbil reduciuse un 35,9% respecto ao ano anterior, acadando os 1.012,7 millóns de euros, o que supón 567,9 millóns menos que no mesmo período do ano precedente. Doutra banda, o sector téxtil-confección, tras unha caída interanual do 7,8%, vendeu ao exterior produtos por valor de 1.274,5 millóns de euros. Tras esta evolución, o peso relativo do sector do automóbil nas exportacións galegas descende ata o 17,9% (no ano anterior representaba o 26,6%); en tanto que o téxtil reduce a súa importancia relativa ata o 22,5%, a porcentaxe máis baixa dende o inicio da recuperación económica en 2014. En conxunto as dúas ramas de actividade concentran o 40,5% das vendas galegas a terceiros países, máis de nove puntos inferior á rexistrada no mesmo período do ano anterior, o que supón a porcentaxe máis reducida dos últimos quince anos. Por contra, o peso relativo das exportacións pesqueiras aumenta ata o 11,9% (9,7% no ano anterior) o que supón o peso máis elevado dos últimos quince anos.

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2009-2021. Datos acumulados xullo-setembro



Fonte: ICEX

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar que a redución do valor monetario das exportacións ven motivado en boa medida por unha minoración do 5,6% das vendas á UE-27 no seu conxunto (234,6 millóns de euros menos), dun 95,3% no caso de Oceanía (-236,7 millóns) e dun 32,6% no caso do Reino Unido (-130,6 millóns). Por contra, as vendas a América e África aumentan en torno ao 44% respecto ao mesmo período do ano anterior (136,6 e 117,8 millóns de euros máis, respectivamente), sendo o incremento interanual do 10,7% no caso do continente asiático (24,6 millóns de euros). Tras esta evolución, o 70% das exportacións no terceiro trimestre diríxense á UE-27 fronte ao 70,5% no mesmo período do ano anterior, concentrando o resto dos países europeos un 9,9% cando nos dous anos anteriores esta porcentaxe superaba lixeiramente o 11%. África do norte sitúase como a terceira área comercial ao acoller o 6,4% das exportacións galegas (4,1% en 2020).

A pesar do mal comportamento do sector do automóbil, Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 17,8% do total, cando no ano anterior representaba o 23,8%. A continuación sitúanse Portugal e Italia, que concentran o 14,4% e 9,7%, respectivamente (11,9% e 8,5% no ano anterior). Cómpre mencionar que no último trimestre do ano Marrocos sitúase como o cuarto destino das vendas galegas ao exte-

rior ao concentrar o 5,5% das exportacións, impulsado polo comportamento do téxtil-confección, o gas e o automóbil, cuxas vendas supoñen os valores máis elevados dende 2007.

Por último, no concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores, cómpre resaltar en primeiro lugar o comportamento no sector do automóbil, que no terceiro trimestre de 2021 acada un saldo positivo de 339,5 millóns de euros, importe superior ao rexistrado no ano anterior (293 millóns de euros). Esta medra interanual ven motivada polo comportamento das vendas de compoñentes de motor cuxo saldo deficitario redúcese case un 60% respecto ao ano anterior (acada os 343,6 millóns de euros), presentando o subsector de fabricación de automóbiles un superávit un 40,1% inferior ao rexistrado no mesmo trimestre do ano anterior (683,1 millóns de euros en 2021). Asemade, o saldo positivo do subsector téxtil-confección redúcese un 15,2% acadar os a 715,3 millóns de euros fronte a un superávit de 843,7 millóns no ano anterior. Por último cómpre mencionar que no ámbito dos alimentos a pesca incrementa significativamente o seu saldo negativo ao acadar un déficit de 107 millóns de euros, case catro veces máis que no mesmo trimestre do ano anterior (28,1 millóns).

Exportacións galegas no terceiro trimestre 2020-21. Principais países e sectores económicos



Fonte: ICEX

AGREGADOS DA OFERTA

Dende o punto de vista sectorial, o crecemento do PIB en Galicia explícase tan só polo comportamento do sector servizos, presentando os outros tres sectores produtivos unha contracción da súa actividade produtiva. Isto contrasta coas taxas de variación interanuais positivas rexistradas en España no sector da industria manufactureira e no sector industrial considerado no seu conxunto (incluídas as actividades extractivas e enerxéticas).

Dunha banda, o sector servizos presenta unha taxa de variación interanual do 5,1% en Galicia, tres décimas superior á rexistrada en España. Entre as actividades englobadas no sector terciario cómpre mencionar o crecemento interanual rexistrado en Galicia polo subsector de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 13,6%, tres puntos por riba do estimado para a economía española. Do mesmo xeito a administración pública, sanidade e educación presenta en Galicia unha medra superior á media española, ao estimarse un crecemento interanual do 3,8%, oito décimas superior á da economía española. Por contra, as actividades artísticas, recreativas e outros servizos, un dos grandes sectores afectados pola crise, presenta unha medra do 3,8% no terceiro trimestre de 2021, sendo neste caso esta taxa de variación inferior á media estatal (8,8%).

Tanto a construción como o sector primario presentan unha contracción menos intensa que na economía española, sendo esta caída interanual do 5,6% no caso da construción e do 2,2% no sector primario, sendo estas porcentaxes do 8,2% e 10%, respectivamente. Por contra, fronte á caída do 0,5% experimentada na Comunidade Autónoma polo conxunto de actividades manufactureiras, España presenta unha medra do 1,2%.

A pesar da devandita consolidación da reactivación económica, se se comparan os niveis do valor engadido en termos reais do terceiro trimestre de 2021 cos do derradeiro trimestre de 2019, tan só os sectores de administración pública, sanidade e educación e o das actividades financeiras e de seguros presentan unha mellor situación que en 2019 tanto en Galicia como en España (as actividades inmobiliarias presentan en España una situación mellor que en 2019, sendo similar en Galicia). Asemade, como segunda característica cómpre destacar que o mellor comportamento da economía española prodúcese nas distintas ramas de actividade agás no caso das devanditas actividades financeiras e de seguros e das actividades inmobiliarias.

A contracción económica máis acusada na economía galega rexístrase no sector da construción, cuxo valor en-

Produto Interior Bruto en Galicia e España terceiro trimestre 2021: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

gadido no terceiro trimestre de 2021 representa o 88,5% do nivel precrise, seguido polo conxunto de actividades englobadas entre as actividades artísticas, recreativas e outros servizos e as actividades profesionais, que supoñen o 90,8% e 92,5%, respectivamente. Atendendo ao diferencial existente entre a evolución do PIB galego e español entre os dous períodos considerados cómpre resaltar que a contracción experimentada no sector de comercio, transporte e hostalería é case dez puntos superior en España, sendo superior aos sete puntos no caso da contracción das actividades profesionais (o veb destas ramas de actividade en España no terceiro trimestre representan o 84,3% e 85,3% do acadado a finais de 2019).

PIB real en Galicia e España no terceiro trimestre 2021. Indicadores de oferta. Base IV trimestre 2019 = 100



Fonte: IGE

Tendo en conta o forte impacto da crise orixinada pola pandemia, que supuxo case a paralización de determinadas ramas de actividade, para ver a súa incidencia na estrutura produtiva de Galicia é interesante comparala coa rexistrada no mesmo período de 2019. Dunha banda, a pandemia orixinou unha medra superior en 1,5 puntos porcentuais da importancia relativa da administración pública, sanidade e educación, que concentra o 20,8% do veb galego no terceiro trimestre fronte ao 18,8% de 2019. No extremo oposto, o subsector de comercio, transporte e hostalería e a construción presentaron a maior minoración entre os dous anos considerados (oito décimas menos), concentrando no terceiro trimestre de 2021 o 21,8%e o 7% do veb xerado en Galicia, respectivamente.

Asemade cómpre mencionar que entre os dous trimestres considerados o peso da industria manufactureira redúcese lixeiramente, situándose no último trimestre no 12,8%, dúas décimas menos que en 2019, porcentaxe que se sitúa moi lonxe do obxectivo do 20% establecido para o ano 2020 (12,4% ao comezo da recuperación económica en 2014). As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvolvemento da actividade manufactureira, presentan igualmente unha lixeira

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

caída ao concentrar o 6,5% fronte ao 6,8% no mesmo trimestre de 2019. O primario concentra o 4,9% do valor engadido xerado pola economía galega, unha décima menos que antes da crise orixinada pola covid.

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como o cociente entre o PIB real e o número de horas efectivamente traballadas ou o número de postos de traballo equivalente a tempo completo. O que mide é a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo así considerados.

No concernente á produtividade medida en termos de horas efectivamente traballadas, os datos reflectidos nas contas económicas amosan un incremento interanual da produtividade en Galicia do 3,4% resultado dunha medra do PIB real do 3,2% e unha redución do 0,2% das horas traballadas. Tendo en conta que no conxunto do Estado o emprego medra un 3,3% e a actividade económica un 2,7%, a capacidade produtiva da economía española no terceiro trimestre descende un 0,6%. Se o indicador de ocupación que se considera é o do número de postos de traballo equivalente a tempo completo, tanto Galicia como España presentan unha caída da produtividade en termos reais, sendo esta redución máis acusada no conxunto do Estado: 0,8% e 3,5%, respectivamente.

Produtividade aparente do factor traballo no terceiro trimestre de 2021. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	3,2%	-0,2%	3,4%	2,7%	3,3%	-0,6%
Sector primario	-2,2%	-7,6%	5,4%	-10,0%	-0,5%	-9,5%
Industria	-0,2%	-3,6%	3,4%	0,4%	-2,4%	2,8%
Industria manufactureira	-0,5%	-3,1%	2,7%	1,2%	-2,5%	3,7%
Construción	-5,6%	0,7%	-6,4%	-8,2%	-0,5%	-7,7%
Servizos	5,1%	1,3%	3,8%	4,8%	4,7%	0,1%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	3,2%	4,0%	-0,8%	2,7%	6,2%	-3,5%
Sector primario	-2,2%	1,2%	-3,5%	-10,0%	1,9%	-11,9%
Industria	-0,2%	2,0%	-2,2%	0,4%	1,8%	-1,4%
Industria manufactureira	-0,5%	2,0%	-2,5%	1,2%	1,9%	-0,7%
Construción	-5,6%	5,8%	-11,4%	-8,2%	4,0%	-12,2%
Servizos	5,1%	4,4%	0,7%	4,8%	7,2%	-2,4%

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sexo (España = 100)





Se se considera o PIB en termos monetarios, Galicia presenta unha produtividade aparente do factor traballo inferior á da economía española en todos os sectores agás na construción. Como se reflicte no último gráfico, a produtividade da economía galega no terceiro trimestre do ano é un 4,8% inferior á media española medida en termos de horas traballadas e un 6,2% no caso dos postos de traballo a tempo completo. En ambos os dous casos o diferencial con respecto á media española mellora ao longo dos últimos anos, pasando do 84,1% da media española no primeiro trimestre de 2014 aos 95,2% no último trimestre no caso do traballo equivalente a tempo completo, e 87,8% a 93,8% no devandito período no caso da produtividade en termos de horas traballadas.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade cómpre insistir unha vez máis na baixa produtividade da industria manufactureira galega en relación ao conxunto do Estado, estimándose ao mesmo tempo unha medra do diferencial se se ten en conta o nivel do terceiro trimestre nos dous últimos anos. Antes da crise económica orixinada pola covid a produtividade das actividades manufactureiras galegas supoñía o 81,1% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 78,2% no caso das horas traballadas, situándose estas porcentaxes no 75,5% e 71,9%, respectivamente.

Ao contrario do acontecido coa industria manufactureira, Galicia presenta un mellor comportamento no caso do sector da construción e dos servizos ao longo dos catro períodos considerados. No terceiro trimestre de 2021 a produtividade aparente do factor traballo medida en termos de postos de traballo equivalente representaba o 120,9% no caso da construción e o 99,2% no sector terciario (115% e 92,3% no mesmo período de 2019); en termos de horas traballadas, a PFT da construción en Galicia representaba o 107,2% na construción e o 97,8% nos servizos, porcentaxes superiores aos do terceiro trimestre de 2019, co 101,6% e 92,9%.

Competitividade rexional 2020. Análise comparada

O forte impacto negativo da covid, que dende o punto de vista económico traduciuse nunha acusada contracción da actividade económica, reduciu a competitividade promedio das CC.AA un 2,3% respecto ao ano precedente, producíndose esta caída de xeito asimétrico nas distintas autonomías. O valor do Índice de Competitividad Rexional (ICERG) reflicte que Galicia presenta unha redución da competitividade do 2,3%, situándose en 7,69.

Os distintos indicadores seleccionados na elaboración do Índice anual de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consejo General de Economistas, que se agrupan en sete eixos competitivos (entorno económico, mercado de traballo, capital humano, entorno institucional, infraestruturas básicas, eficiencia empresarial e innovación), permiten identificar os factores determinantes para a competitividade e proporciona información sobre as claves para a súa mellora.

A pesar do impacto asimétrico da covid dende o punto de vista territorial, o ranking das CC.AA. segundo o valor do ICREG e a composición dos grupos amosa escasas variacións en relación ao

Comunidades Autónomas segundo o seu nivel competitivo, 2020



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2021

ano anterior. No último ano tan só Galicia, xunto coa C. Valenciana, presentan unha perda da súa posición relativa ao situarse no ano 2020 no noveno posto (oitavo no ano anterior) o que a mantén nunha posición intermedia-baixa en relación ao resto das CC.AA. O mapa seguinte reflicte que Madrid, xunto con Navarra e País Vasco conforman o grupo competitivo relativo alto, e que as CC.AA. máis competitivas son as que se atopan no interior do denominado "triángulo competitivo", formado polos vértices de País Vasco, Cataluña e Madrid. Non obstante, o devandito informe sinala que no ano 2020 este "triángulo competitivo" se mantén aínda que volve a debilitarse no interior (Aragón).

Dende un punto de vista dinámico, a evolución do ICREG no último ano considerado en termos comparados co promedio indica que tan só catro CC.AA. presentan un leve ou moderado dinamismo (Castela e León, Estremadura, Castela A Mancha e Asturias) rexistrando Baleares e Canarias un forte descenso. Galicia, ao igual que o País Vasco e Madrid están encadradas no grupo de CCAA que presentan un moderado descenso.

Evolución anual do Índice de Competitividade Rexional 2020



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2021

No caso de Galicia, a pesar de que o seu dinamismo comparado co promedio é considerado como de moderado descenso, a súa evolución é moi dispar atendendo aos distintos eixos considerados. Dunha banda, tres dos sete eixos presentan un crecemento superior ao promedio estatal, salientando o capital humano (eixo 3), que presenta un crecemento considerado como moderado, sendo leve no caso do entorno institucional (eixo 4) e innovación (eixo 7); doutra banda, a caída global ven motivada pola evolución do entorno económico (eixo 1) e a eficiencia empresarial (eixo 6) que caen de forma importante, presentando unha evolución tamén negativa o entorno de infraestruturas básicas (eixo 5).

Nivel competitivo de Galicia 2020 e evolución 2019-20. Distribución segundo eixos

		2019	2020/2019
	Ranking	**Nivel competitivo**	**Dinamismo relativo**
Eixo 1.- Entorno económico	9	MEDIO BAIXO	FORTE DESCENSO
Eixo 2.- Mercado de traballo	8	MEDIO ALTO	SEN CAMBIO
Eixo 3.- Capital humano	6	MEDIO ALTO	MODERADO
Eixo 4.- Entorno institucional	7	MEDIO ALTO	LEVE
Eixo 5.- Infraestruturas básicas	12	BAIXO	DESCENSO
Eixo 6.- Eficiencia empresarial	16	BAIXO	FORTE DESCENSO
Eixo 7.- Innovación	10	MEDIO BAIXO	LEVE
Galicia	9	MEDIO BAIXO	MODERADO DESCENSO

Segundo o devandito informe, os indicadores coas achegas máis positivas corresponden á taxa de paro de longa duración (eixo 2), déficit e delitos (eixo 4), empresas máis de 250 traballadores (eixo 6), Investigadores, comercio electrónico e gasto en I+D (eixo 7). Pola contra, as contribucións máis negativas corresponden ás Variacións do PIB real (eixo 1), taxa de paro xuvenil (eixo 2), Formación por ocupados (eixo 3), Esforzo fiscal (eixo 4),Tráfico aéreo (eixo 5), Dinamismo, Variación da produtividade e variación dos custos laborais unitarios (eixo 6) e Patentes (eixo 7).

Tras esta evolución, a foto fixa do ano 2020 reflicte que o nivel competitivo é medio alto nos casos dos eixos do mercado de traballo, capital humano e o entorno institucional, cualificándose como medio-baixo no caso do entorno económico e da innovación. Por último,

Sensibilidade rexional aos efectos da pandemia (desviación respecto á media)



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2020

considérase como nivel baixo tanto o ámbito de infraestruturas básicas e da eficiencia empresarial. En comparación co resto das CC.AA., cómpre resaltar que os eixos que presentan unha mellor posición relativa corresponden aos entornos institucional e capital humano, que ocupan o sétimo e sexto posto, relativamente, mentres que a eficiencia empresarial retrocede ata o posto 16,

situándose no 12 no caso das infraestruturas básicas.

Finalmente, cómpre resaltar a incidencia relativa do COVID na competitividade rexional. Tomando en consideración 15 indicadores directa ou indirectamente relacionados co ICREG[1] e comparando os seus valores en cada Comunidade Autónoma co valor promedio de España, establece una clasificación en 3 niveles segundo o impacto relativo esperado: Alto (valor superior ao 115% da media); medio (valor comprendido entre o 75 e o 115%); e baixo (valor inferior ao 75% da media). Segundo as estimacións recollidas no devandito informe do Colexio de Economistas, Galicia estaría entre as CC.AA. onde o grao de exposición ao risco respecto á media é medio, xunto con Murcia, a C. Valenciana, Castela e León e Castela A Mancha. Por contra, as CCAA cuxa competitividade se verían máis afectadas serían Canarias, Estremadura, Andalucía e Baleares.

Grao de exposición ao risco para a recuperación 2020. Distribución segundo bloques (1)

	SITUACIÓN	INCLUSIÓN	SOSTENIBILIDAD	DIGITALIZACIÓN
Alta	Baleares, Canarias, Cataluña	Canarias, Extremadura, Andalucía, Valencia, Castilla-La Mancha, Murcia	Extremadura, Andalucía, Baleares, Canarias, Castilla y León, Galicia	Canarias, Extremadura, Galicia, Murcia, La Rioja, Andalucía
Media	Andalucía, Aragón, Cantabria, Castilla y León, Valencia, Navarra	Asturias, Baleares, Cataluña, Galicia, Madrid	Aragón, Asturias, Cantabria, Castilla-La Mancha, Madrid, Murcia, Navarra, País Vasco	Aragón, Asturias, Baleares, Cantabria, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Valencia, País Vasco
Baja	Asturias, Madrid, País Vasco, La Rioja, Castilla-La Mancha, Extremadura, Galicia, Murcia	Aragón, Cantabria, Castilla y León, Navarra, País Vasco, La Rioja	Cataluña, Valencia, La Rioja	Navarra, Cataluña, Madrid

Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2021

1. Os indicadores seleccionados son: [1] Caída estimada, [2] Variación da ocupación, [3] Variación da produtividade real, [4] Taxa de paro de longa duración, [5] Ninis, [6] Poboación con carencia material severa, [7] Taxa de risco de pobreza, [8] Emisións de CO2, [9] Gasto corrente en protección ambiental, [10] Sectores manufactureiros de alta e media-alta tecnoloxía, [11] Servizos de alta tecnoloxía, [12] VEB Información e comunicacións, [13] Poboación sen competencias dixitais, [14] Poboación sen habilidades de información, [15] Poboación sen competencias informáticas

No caso concreto de Galicia, cómpre mencionar que a súa situación macroeconómica de partida, ao igual que no caso de Murcia ou Estremadura, é mellor ao non sufrir un impacto tan severo como outras CC.AA. e como consecuencia, terá menos secuelas post pandémicas. Pola contra, a dixitaliza-

Grao de exposición ao risco para a recuperación 2020. Distribución segundo indicadores (1)



Fonte: Consejo General de Economistas, Informe de la competitividad regional en España 2021

(1) Os indicadores seleccionados son: [1] Caída estimada, [2] Variación da ocupación, [3] Variación da produtividade real, [4] Taxa de paro de longa duración, [5] Ninis, [6] Poboación con carencia material severa, [7] Taxa de risco de pobreza, [8] Emisións de CO2, [9] Gasto corrente en protección ambiental, [10] Sectores manufactureiros de alta e media-alta tecnoloxía, [11] Servizos de alta tecnoloxía, [12] VEB Información e comunicacións, [13] Poboación sen competencias dixitais, [14] Poboación sen habilidades de información, [15] Poboación sen competencias informáticas
(2) Verde: risco baixo; Amarelo, risco medio; Vermello, risco alto

ción é un punto débil para Galicia ou igual que no ámbito da sostenibilidade.

Se se consideran os quince indicadores mencionados anteriormente, Galicia presenta unha baixa exposición ao risco no que se refire á caída estimada da actividade económica (1), ocupación (2) e poboación con carencia material severa (3). Por contra, presenta un elevado grado relativo de exposición ao risco en indicadores vinculados á sostenibilidade como as emisións de CO2 (8); e dixitalización, como sectores manufactureiros de alta e media tecnoloxía (10), servizos de alta tecnoloxía (11) VEB xerado polas actividades de información e comunicacións (12), poboación sen competencias dixitais (13) e poboación sen habilidades de información (14).

O MERCADO DE TRABALLO NO TERCEIRO TRIMESTE DE 2021

A consolidación da reactivación da economía galega no terceiro trimestre (3,2% respecto ao ano anterior) trasládase ao mercado de traballo que presenta en termos agregados e cuantitativos un bo comportamento. Dunha banda, as taxas de actividade, ocupación e desemprego presentan unha evolución positiva, tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo esta mellora máis acusada entre as mulleres.

Por segundo trimestre consecutivo aumenta a poboación activa, sendo novamente máis intensa esta medra no caso das mulleres que dos homes. Doutra banda, a poboación ocupada, que supera o 1.110.000 persoas no último trimestre, cifra que non se acadaba dende o mesmo trimestre de 2010, e as afiliacións medran un 2,8% e 2,6% fronte ao 4% no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo. Asemade, a reactivación incide no mantemento da tendencia descendente do número de traballadores en ERTE, que a finais de setembro representa o 1,2% do total de afiliados por conta allea cando no mes de xaneiro esta porcentaxe ascendía ao 6,1% (máis do 20% ao inicio da crise).

Non obstante, cómpre matizar o devandito optimismo sinalando en primeiro lugar que as devanditas taxas presentan unha evolución positiva inferior á do conxunto do Estado. Asemade, a devandita reactivación económica concéntrase fundamentalmente no sector servizos, salientando por contra os importantes descensos da ocupación na industria manufactureira e na construción. Entre os servizos todas as ramas agás a hostalería presentan unha mellora da ocupación, en tanto que no ámbito da industria manufactureira tan só a industria alimentaria aumenta a súa ocupación respecto ao ano anterior.

A calidade de emprego non mellora na mesma intensidade dado o maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto da ocupación a tempo completo (10,4% e 1,7%, respectivamente) como un incremento dos asalariados con contrato temporal significativamente máis intenso que dos que teñen un contrato indefinido (8,4% e 0,6%).

Unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo en Galicia ten de realizarse a partir dos indicadores básicos do mercado laboral e a súa comparación co resto das CC.AA.: taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade. Como primeiro aspecto positivo do comportamento do mercado de traballo en Galicia cómpre mencionar a mellora, en termos anuais, das taxas de actividade, ocupación e desemprego tanto no caso dos homes como

das mulleres, sendo esta mellora máis acusada entre as mulleres. Por contra, estes tres indicadores presentan unha evolución positiva inferior á do conxunto do Estado. Asemade, a taxa de temporalidade aumenta en Galicia, se ben con menor intensidade que en España.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos aumenta no terceiro trimestre do ano ata o 52,9%, cinco décimas por riba do estimado no mesmo período do ano anterior. Un trimestre máis esta porcentaxe sitúa a Galicia como a segunda C.A. coas taxas máis reducidas tras Asturias, cun 51,1%, aumentando o diferencial con respecto ao

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade, 3º trimestre 2021

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	52,9%	59,1%	Baleares (66,6%)	Asturias (51,1%)
			Madrid (63,5%)	Galicia (52,9%)
			Murcia (61,6%)	Castela e León (54,7%)
			Cataluña (61,5%)	Estremadura (56,6%)
Taxa de ocupación	47,5%	50,5%	Baleares (59,5%)	Andalucía (44,6%)
			Madrid (56,0%)	Asturias (44,8%)
			Cataluña (54,8%)	Canarias (45,4%)
			Aragón (53,8%)	Estremadura (46,5%)
				Galicia (47,5%)
Taxa de paro	10,2%	14,6%	Aragón (8,8%)	Canarias (23,9%)
			País Vasco (9,9%)	Andalucía (22,4%)
			Cantabria (10,0%)	Estremadura (17,9%)
			Castela e León (10,0%)	C. Valenciana (16,1%)
			Galicia (10,2%)	
Taxa de temporalidade	26,0%	26,0%	Madrid (19,5%)	Estremadura (35,2%)
			Cataluña (21,8%)	Andalucía (33,5%)
			A Rioxa (22,1%)	Murcia (29,6%)
			País Vasco (24,3%)	Canarias (29,1%)

Fonte: INE

conxunto do Estado, onte tras unha medra de 1,3 puntos porcentuais sitúase no 59,1%.

A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con taxas do 48,4% e 57,9%, respectivamente, o que supón un diferencial de 9,6 puntos porcentuais (10,1 puntos no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial redúcese ata os 10,1 puntos (10,9 puntos en 2020), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,3% e a masculina ata o 64,3%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos ascende en Galicia ata o 47,5%, se ben aumenta o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,0 puntos fronte aos 2,2 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 50,5%). Esta porcentaxe mantén a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Andalucía (44,6%), Asturias (44,8%), Canarias (45,4%) e Estremadura (46,5%). Ao igual que acontece

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2019-2021

	2019	2020 (miles persoas)				2021			21/20
	IV	I	II	III	IV	I	II	III	III
Poboación maior de 16 anos	2.337,1	2.338,6	2.338,8	2.339,0	2.339,6	2.341,3	2.340,5	2.340,9	1,9
Poboación activa	1.241,7	1.239,8	1.192,9	1.227,4	1.223,5	1.218,1	1.229,1	1.239,2	11,8
25 - 34 anos	221,4	218,8	203,1	210,5	210,3	206,2	206,4	209,3	-1,2
Poboación ocupada	1.096,0	1.083,0	1.050,4	1.082,6	1.080,9	1.059,8	1.076,7	1.112,5	29,9
Conta propia	212,4	210,4	200,3	201,7	208,6	207,6	209,5	209,1	7,4
Conta allea	883,3	872,1	850,0	880,6	871,7	851,8	867,0	902,5	21,9
Outra situación	0,4	0,5	0,1	0,3	0,6	0,4	0,2	0,9	0,6
Poboación parada	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6	158,3	152,4	126,7	-18,1
Parado longa duración	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1	61,4	63,7	51,5	-2,2
Poboación inactiva	1.095,4	1.098,8	1.145,9	1.111,6	1.116,1	1.123,2	1.111,4	1.101,7	-9,9
Taxa de actividade	53,1%	53,0%	51,0%	52,5%	52,3%	52,0%	52,5%	52,9%	
Taxa de ocupación	46,9%	46,3%	44,9%	46,3%	46,2%	45,3%	46,0%	47,5%	
Taxa de paro	11,7%	12,6%	11,9%	11,8%	11,7%	13,0%	12,4%	10,2%	
Taxa de temporalidade	25,1%	25,1%	22,1%	24,6%	24,3%	23,3%	24,2%	26,0%	
Afiliacións (media trimestral)	1.016,5	998,7	978,4	1.005,0	1.002,1	992,9	1.008,5	1.030,9	52,5
Paro rexistrado (media trimestral)	165,1	169,5	189,1	176,3	186,1	184,0	164,6	152,1	-37,0

Fonte: IGE

coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes la taxa de empreso sitúase no 52,5% fronte ao 43% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 9,4 puntos, fronte aos 10,6 puntos en España (56% e 45,4%, respectivamente).

A taxa de paro galega descende no último trimestre ata o 10,2%, case catro puntos e medio por baixo da media estatal (14,6%), o que a sitúa entre as CC.AA. con menor taxa tras Aragón (8,8%), País Vasco (9,9%), e Cantabria e Castela e León (10%). Dunha banda, a taxa de desemprego masculina descende ata o 9,5%, situándose neste último trimestre como a quinta C.A. coa taxa máis reducida tras Castela e León, cun 7,7%; Aragón, co 7,9%; Cantabria, co 9,2%; e País Vasco, cun 9,4% (media estatal 13%). Doutra, entre as mulleres a taxa de paro volve a presentar en Galicia unha das taxas máis reducidas, cun 11,1%, tan só superada por Navarra, cun 9,3%; Aragón, co 9,8%; e País Vasco, cun 10,5% (media estatal 16,4%).

Se a comparación se realiza coa situación existente no terceiro trimestre de 2019, a taxa de paro galego redúcese en 1,3 puntos porcentuais o que contrasta co incremento experimentado no conxunto de España. Tan só Asturias e Estremadura presentan unha redución superior (2,1 puntos e 1,8 puntos respectivamente. Esta redución tamén se produce na taxa de paro masculina e sobre todo feminina, con descensos de catro décimas e 2,2 puntos

Evolución trimestral da poboación activa 2019-21: distribución segundo sexos



Fonte: IGE

O devandito incremento interanual estimado no terceiro trimestre do ano ven explicado polo incremento da poboación activa entre as persoas españolas, con 13.600 persoas máis (1,2%), reducíndose no caso das persoas de nacionalidade estranxeira (1.800 persoas menos; -2,5%). Asemade, este incremento prodúcese entre as persoas maiores de 45 anos, cunha medra de 21.300 persoas (3,5%), das que 11.200 teñen 55 ou máis anos; e entre aquelas con maior nivel formativo, especialmente no caso das persoas con estudios superiores (19.100 activos máis entre as persoas con estudios superiores e 5.100 máis entre os que posúen a ESO segunda etapa).

Poboación activa no terceiro trimestre 2021. Variación interanual



Fonte: IGE

Fuxo da poboación activa dende o comezo da crise sanitaria. Evolución trimestral



	Variación anual		
	(número)	*(número)*	*(%)*
2019 4 trim.	22.500	4.100	22,3%
2020 1 trim.	16.500	- 2.600	-13,6%
2020 2 trim.	17.700	- 7.900	-30,9%
2020 3 trim.	40.000	11.300	39,4%
2020 4 trim.	26.400	3.900	17,3%
2021 1 trim.	20.000	3.500	21,2%
2021 2 trim.	30.200	12.500	70,6%
2021 3 trim.	37.500	- 2.500	-6,3%

	Variación anual		
	(número)	*(número)*	*(%)*
2019 4 trim.	35.700	4.700	15,2%
2020 1 trim.	29.800	2.400	8,8%
2020 2 trim.	37.200	15.300	69,9%
2020 3 trim.	31.600	3.700	13,3%
2020 4 trim.	31.400	- 4.300	-12,0%
2021 1 trim.	35.200	5.400	18,1%
2021 2 trim.	21.100	- 16.100	-43,3%
2021 3 trim.	23.100	- 8.500	-26,9%

	Variación anual		
	(número)	*(número)*	*(%)*
2019 4 trim.	33.000	1.300	4,1%
2020 1 trim.	26.000	- 5.800	-18,2%
2020 2 trim.	30.700	- 5.600	-15,4%
2020 3 trim.	54.700	20.700	60,9%
2020 4 trim.	32.000	- 1.000	-3,0%
2021 1 trim.	33.600	7.600	29,2%
2021 2 trim.	34.700	4.000	13,0%
2021 3 trim.	30.400	- 24.300	-44,4%

	Variación anual		
	(número)	*(número)*	*(%)*
2019 4 trim.	29.200	- 5.300	-15,4%
2020 1 trim.	28.100	- 3.800	-11,9%
2020 2 trim.	50.100	19.400	63,2%
2020 3 trim.	29.600	3.500	13,4%
2020 4 trim.	32.900	3.700	12,7%
2021 1 trim.	27.400	- 700	-2,5%
2021 2 trim.	26.400	- 23.700	-47,3%
2021 3 trim.	26.900	- 2.700	-9,1%

Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

Entradas e saídas da actividade

A Enquisa de fluxos da poboación activa reflicte que no terceiro trimestre do ano pasaron a formar parte da poboación activa en Galicia desde a inactividade un total de 67.900 persoas, o que supón unha redución de 26.800 persoas respecto ao estimado para o ano anterior. Ao mesmo tempo, o número de persoas que saíron da actividade descendeu ata as 50.000 persoas, cando no ano anterior o fixeran 61.200 persoas. Deste xeito, a diferenza do acontecido no ano anterior o mercado laboral galego presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 17.900 persoas (17.400 no trimestre anterior), cando no momento onde a contracción económica foi máis intensa este saldo era deficitario (38.900 persoas).

O fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no terceiro trimestre do ano aumenta ata as 37.500 persoas, cifra loxicamente inferior á estimada para o mesmo trimestre do ano anterior tendo en conta o impacto inicial da crise (-6,3%; 2.500 persoas menos). Así mesmo, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade descendeu de media ata as 23.100 persoas, cifra tan só superior á do trimestre anterior dende o comezo da actual crise económica, o que supón 8.500 persoas menos que en 2020 (-29,9%). O número de persoas que estaban paradas no derradeiro trimestre de 2020 e que saen da actividade descende a 26.900 persoas, cifra inferior en 2.700 persoas á do segundo trimestre de 2020 (-26,9%). Así mesmo o fluxo de entradas ao paro de persoas que no segundo trimestre de 2021 eran considerados como inactivos ascende ata as 30.400 persoas, 24.300 menos que no mesmo trimestre do ano anterior (44,4%).

Ocupación

A consolidación da reactivación da actividade económica no terceiro trimestre do trasládase directamente ao mercado de traballo quen presenta unha mellora das grandes cifras do nivel de ocupación. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 2,8% respecto ao ano anterior en tanto que as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social o fai a un ritmo do 2,6%. Doutra banda, a diferenza do acontecido cos devanditos indicadores, o número de postos de traballo equivalente a tempo completo reflectido polas contas económicas presenta unha taxa de variación interanual superior á rexistrada pola PIB, cunha medra do 4%. Non obstante, tanto o número de horas traballadas reflectidas nas contas económicas como o número medio de horas efectivamente traballadas reflectido na EPA presentan unha lixeira redución respecto ao ano anterior (0,2% e 0,6%, respectivamente). Tendo en conta esta evolución, tanto a poboación ocupada como as afiliacións recuperan o nivel de ocupación precrise, situándose tan só dúas décimas por baixo no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo. Como se reflicte no gráfico da evolución trimestral da ocupación e PIB real, estes tres indicadores da ocupación presentan un mellor comportamento que o PIB, que no último trimestre do ano sitúase 3,5 puntos por baixo do nivel do derradeiro trimestre de 2019.

No que ás afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia se refire, o número medio mensual de afi-

Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2019-21



Fonte: IGE, Enquisa poboación activa



Fonte: IGE, Contas económicas





Fonte: IGE

liacións para o total do sistema ascende no terceiro trimestre do ano ata as 1.030.878 persoas, 25.915 afiliacións máis que no ano anterior (2,6%), o nivel máis alto nun terceiro trimestre dende 2009. Non obstante, se se consideran as persoas acollidas a Expedientes de Regulación Temporais de Emprego, que estatisticamente son persoas afiliadas, a ocupación ascendería a case 1.019.894 persoas, dez mil afiliacións menos que no mesmo período de 2019. No conxunto de España as afiliacións medran un 3,7% respecto ao ano anterior, ascendendo o número medio de afiliacións ata as 19.395.103 persoas.

Se se considera a evolución mensual o número de afiliacións é superior ás rexistradas no ano anterior a partir do mes de

Evolución da ocupación e o PIB real en Galicia. Base IV 2019 = 100



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE

marzo, situándose moi próximo ao nivel acadado nos mesmos meses do ano 2019 (no mes de outubro as afiliacións xa superan ás rexistradas nese ano). Asemade, mantense a tendencia descendente do número de traballadores en ERTE en Galicia, acadando a finais de setembro un total de 9.357 persoas, o que representa o 1,2% do total de afiliados por conta allea cando no mes de xaneiro esta porcentaxe ascendía ao 6,1%. Cómpre recordar que no comezo da crise orixinada polo coronavirus o número de traballadores acollidos a un ERTE representaba máis do 20% (20,1% en marzo e 23,9% en abril). Atendendo á súa distribución segundo tipo de ERTE, cómpre mencionar que 7.173 están protexidos por un ERTE de limitación no mes de setembro e 1.994 por ERTE correspondentes a sectores ultraprotexidos ou pertencentes á súa cadea de valor.

Ao igual que a crise tivo un impacto moi desigual entre as distintas ramas de actividade, incidindo de xeito máis significativo en sectores como a hostalaría, ocio e restauración; comercio; actividades rela-

Evolución mensual das afiliacións á Seguridade Social en Galicia 2009, 2013, 2019-2021



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE

Evolución do número de traballadores afectados por un ERTE

2020	Total	Anteriores a RD30/2020	RD30/2020 y seguintes				
				Impedimento	Limitación	Cadena de valor	Cnaes anexo
Marzo	153.741	153.741	-	-	-	-	-
Abril	180.349	180.349	-	-	-	-	-
Maio	111.200	111.200	-	-	-	-	-
Xuño	57.181	57.181	-	-	-	-	-
Xullo	29.363	29.363	-	-	-	-	-
Agosto	25.554	25.554	-	-	-	-	-
Setembro	20.712	20.712	-	-	-	-	-
Outubro	20.681	13.178	7.503	454	3.290	433	3.326
Novembro	39.391	13.682	25.709	11.232	9.727	497	4.253
Decembro	29.142	10.892	18.250	1.609	11.156	466	5.019
2021							
Xaneiro	47.810	10.830	36.980	497	6.119	13.968	16.396
Febreiro	41.399	9.832	31.567	487	6.171	5.521	19.388
Marzo	29.067	8.698	20.369	460	4.940	1.299	13.670
Abril	25.714	7.896	17.818	442	4.730	1.226	11.420
Maio	21.848	8.566	13.282	391	3.981	923	7.987
Xuño	17.038	8.728	8.310	274	2.658	623	4.755
Xullo	11.139	4.415	6.724	187	2.107	531	3.899
Agosto	11.973	6.081	5.892	163	1.973	318	3.438
Setembro (1)	9.842	4.485	5.357	276	3.087	153	1.841
Outubro (1)	8.431	4.125	4.306	179	2.418	143	1.566

(1) Datos extraídos das notas de prensa

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Afiliacións á Seguridade Social no terceiro trimestre 2020-2021(media mensual): distribución segundo principais ramas de actividade (1)

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocilcetas	105.596	10,5	107.333	10,4	1,6	1.736
86 Actividades sanitarias	66.168	6,6	68.470	6,6	3,5	2.303
56 Servizos de comidas e bebidas	65.295	6,5	65.744	6,4	0,7	449
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	60.644	6,0	60.865	5,9	0,4	221
43 Actividades de construción especializada	48.447	4,8	50.015	4,9	3,2	1.569
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.819	4,8	48.597	4,7	1,6	779
85 Educación	44.898	4,5	47.541	4,6	5,9	2.643
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	35.762	3,6	35.222	3,4	-1,5	-540
49 Transporte terrestre e por tubaxe	32.143	3,2	32.944	3,2	2,5	801
10 Industria da alimentación	30.599	3,0	31.369	3,0	2,5	770
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	28.384	2,8	29.017	2,8	2,2	633
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.360	2,5	25.518	2,5	0,6	159
41 Construción de edificios	23.995	2,4	25.071	2,4	4,5	1.076
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.762	2,2	21.858	2,1	0,4	96
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	636.872	63,4	649.564	63,0	2,0	12.692
Total	1.004.963	100	1.030.878	100	2,6	25.915

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
30 Fabricación doutro material de transporte	5.949	0,6	5.355	0,5	-10,0	-595
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	9.103	0,9	8.535	0,8	-6,2	-569
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	16.475	1,6	15.928	1,5	-3,3	-547
01 Agricultura, gandaría, caza e servizos relacionados con elas	35.762	3,6	35.222	3,4	-1,5	-540
03 Pesca e acuicultura	18.213	1,8	17.755	1,7	-2,5	-459

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2021		2020		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
85 Educación	44.898	4,5	47.541	4,6	5,9	2.643
86 Actividades sanitarias	66.168	6,6	68.470	6,6	3,5	2.303
55 Servizos de aloxamento	10.880	1,1	12.192	1,2	19,4	1.983
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	105.596	10,5	107.333	10,4	1,6	1.736
43 Actividades de construción especializada	48.447	4,8	50.015	4,9	3,2	1.569

(1) ramas CNAE 2009;

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

cionadas co emprego; construción especializada; e actividades de fogares como empregadores de persoal doméstico; o que contrasta co comportamento das actividades sociosanitarias e a educación.

Dunha banda, a rama de actividade que experimentou o maior crecemento corresponde á educación (CNAE 85), cunha medra de 2.643 afiliacións máis que no ano anterior, por diante das actividades sanitarias (CNAE 86), cun incremento superior ás 2.300 afiliacións, e servizos de aloxamento (CNAE 55), con 1.983 afiliacións máis. Doutra, cómpre mencionar que as caídas do número de afiliacións son poucos significativas en termos absolutos, rexistrando a redución máis acusada as actividades do sector de fabricación doutro material de transporte (cnae 30) e servizos financeiros agás seguros e fondos de pensións, cunha caída superior a 550 afiliacións.

Atendendo á evolución mensual dos principais subsectores ao longo dos últimos cinco anos, tanto o comercio como sobre todo a hostalería presenta un nivel de afiliacións similar ao rexistrado no ano 2019. A mellora da actividade comercial tradúcese en que no mes de outubro as afiliacións nesta rama de actividade considerada no seu conxunto presenta un nivel de afiliacións xa por riba do rexistrado no mes de outubro de 2019. Por contra, sectores como as actividades sanitarias e servizos sociais ou a educación presentan un número de afiliacións superior ao dos anos anteriores, especialmente significativo no caso das actividades sociosanitarias.

No que se refire á análise da poboación ocupada estimada pola EPA, por segundo trimestre consecutivo a ocupación en Galicia presenta unha medra interanual, situándose este incremento no terceiro trimestre de 2021 no 2,8%, dous puntos por riba do que acontecía antes da crise económica (redúcese un 2,1% no mesmo trimestre de 2020). No último trimestre Galicia conta con 1.112.500 persoas ocupadas, o que supón 29.900 máis que no ano anterior. Tal e como se reflectiu anteriormente a taxa de ocupación (relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos) ascende en Galicia ata o 47,5%, se ben aumenta o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,0 puntos fronte aos 2,2 puntos do ano anterior (no conxunto do Estado ascende ata o 50,5%). Con todo, se a comparación se realiza coa situación antes da crise económica, Galicia presenta unha mellor evolución que o conxunto do Estado tendo en conta que este indicador mellora en 0,6 puntos porcentuais respecto ao cuarto trimestre de 2019 (dúas décimas superior se se considera o terceiro trimestre) o que contrasta coa redución dunha décima no conxunto de España.

Tendo en conta o maior impacto da crise entre as mulleres, a reactivación da actividade reflíctese en que por segundo trimestre consecutivo o incremento da ocupación sexa no terceiro trimestre máis intenso entre as mulleres que entre os homes. Así, a ocupación feminina medra en Galicia un 3,9% respecto ao ano anterior (19.700 mulleres ocupadas máis) fronte a un 1,8% no caso dos homes (10.200 persoas). No mesmo período do ano anterior, tras o acusado impacto negativo da crise orixinada pola COVID no segundo trimestre, a ocupación descendía un 2,1%, sendo esta caída interanual do 3% entre as mulleres (15.600 persoas) e do 1,3% entre os homes (7.400 persoas). Ao igual que en Galicia, no conxunto de España a mellora

do emprego é máis acusada entre as mulleres que entre os homes, aumentando a poboación ocupada un 6% e 3,1%, respectivamente (4,5% de media en total).

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, mentres que ao longo da crise o axuste do emprego producíase, con carácter xeral, en maior medida entre as persoas máis vulnerables, como son as persoas máis novas, asalariados con contratos temporais, traballadores con xornada a tempo parcial e persoas con menor nivel educativo; a consolidación da reactivación económica neste terceiro trimestre nótase fundamentalmente entre aquelas con estudos superiores (23.200 ocupados máis; 4,7%), maiores de 45 anos (23.200 ocupados máis; 4,2%) e persoas con idades comprendidas entre 20-24 anos (7.400 persoas máis; 24%) ou en técnicos e profesionais de apoio (11.500 persoas; 9,6%). Por contra, a calidade de emprego non mellora na mesma intensidade dado o maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto da ocupación a tempo completo

Evolución trimestral da poboación ocupada 2019-21: distribución segundo sexo



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

(10,4% e 1,7%, respectivamente) como un incremento dos asalariados con contrato temporal significativamente máis intenso que dos que teñen un contrato indefinido (8,4% e 0,6%).

Atendendo á distribución da poboación ocupada segundo a súa situación profesional, ao igual que no trimestre anterior o mercado laboral galego presenta unha medra tanto dos traballadores por conta propia como por conta allea. No último trimestre o emprego por conta propia medrou un 3,7% respecto ao ano anterior fronte ao 2,5% no caso do emprego asalariado, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado onde o incremento do emprego asalariado é significativamente máis intenso que no caso do emprego por conta propia (5% e 1,3%, respectivamente). Non obstante, cómpre resaltar a desigual evolución seguida polos homes e mulleres tendo en conta que entre as mulleres o emprego asalariado, impulsado polo comportamento do emprego público, medra un 4,3% fronte ao 1,2% no caso do emprego por conta propia, en tanto que o emprego por conta propia medra con maior intensidade entre os homes (0,8% e 5,5%, respectivamente).

No que ao emprego por conta allea en Galicia se refire, a intensidade da creación de emprego é máis acusada no sector público que no privado, o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado. Mentres que o emprego asalariado no sector privado medra un 2,1% na Comunidade Autónoma (14.300 persoas máis que no ano anterior), máis de tres puntos por baixo do rexistrado en España (5,2%), o emprego público o fai nun 4,4% no conxunto do Estado fronte ao 3,9% en Galicia (7.600 persoas). O dinamismo do emprego asalariado é máis intenso entre as mulleres que entre os homes tanto no sector privado como no público, aumentando no primeiro caso un 3,7% (11.300 mulleres) e no ámbito público un 6% (6.800 mulleres máis). En conxunto o emprego por conta allea medra un 2,5% en relación ao ano anterior, o que supón unha medra de 22.000 persoas, das que 18.200 son mulleres (4,3% máis que no ano anterior) e 3.800 homes (0,8%).

Doutra banda, a devandita medra interanual experimentada en Galicia entre os traballadores por conta propia (3,7%; 7.400 persoas) ven impulsada en maior medida polo crecemento dos empresarios con asalariados (7,6%; 4.800 persoas), sendo esta medra do 2,3% no caso dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (3.100 persoas ocupadas máis). Neste caso, a intensidade da creación do emprego entre os empresarios con asalariados rexístrase tan só no caso dos homes ao reducirse lixeiramente entre as mulleres empresarias (13,2% e -0,4%, respectivamente) ao tempo que a ocupación entre aqueles que non teñen asalariados prodúcese tanto no caso dos homes como das mulleres (2,3% e 2,5%). A diferenza do acontecido en Galicia, o mercado laboral español presenta unha caída do número de empresarios sen asalariados (-1,4%) así como unha medra dos membros dunha cooperativa (29,5% en España fronte ao -33,3% en Galicia).

Poboación ocupada en Galicia no 3º trimestre de 2021: distribución segundo sector económico, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia 2020 (en miles de persoas)			Galicia 21/20 (%)			Galicia 21/20		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Total	576,9	505,7	1.082,6	587,1	525,4	1.112,5	1,8	3,9	2,8
Sectores económicos									
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	32,6	19,7	52,3	32,5	16,1	48,6	-0,3	-18,3	-7,1
Pesca e acuicultura	16,0	2,9	18,9	17,8	11,6	29,4	11,3	300,0	55,6
Industria	131,2	49,4	180,6	121,5	50,4	171,9	-7,4	2,0	-4,8
Construción	70,3	6,2	76,5	66,2	4,8	71,0	-5,8	-22,6	-7,2
Servizos	326,7	427,5	754,2	349,2	449,6	798,8	6,9	5,2	5,9
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	117,8	83,9	201,7	124,3	84,8	209,1	5,5	1,1	3,7
Empregador	37,8	25,6	63,4	42,8	25,5	68,3	13,2	-0,4	7,7
Empresarios sen asalariados	76,6	55,9	132,5	78,4	57,3	135,7	2,3	2,5	2,4
Membros cooperativas	0,5	0,7	1,2	0,6	0,2	0,8	20,0	-71,4	-33,3
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,9	1,7	4,6	2,6	1,9	4,5	-10,3	11,8	-2,2
Asalariados	458,7	421,8	880,5	462,5	440,0	902,5	0,8	4,3	2,5
Sector público	84,4	113,0	197,4	85,2	119,8	205,0	0,9	6,0	3,9
Sector privado	374,3	308,9	683,2	377,3	320,2	697,5	0,8	3,7	2,1
Outra situación	0,3		0,3	0,3	0,6	0,9	0,0	-	200,0
Ocupación									
Directores e xerentes	24,0	11,8	35,8	28,6	12,6	41,2	19,2	6,8	15,1
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	74,4	109,3	183,7	72,0	118,8	190,8	-3,2	8,7	3,9
Técnicos e profesionais de apoio	76,4	43,0	119,4	80,8	50,1	130,9	5,8	16,5	9,6
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	33,3	63,5	96,8	30,7	65,6	96,3	-7,8	3,3	-0,5
Trab. servizos restaur., persoais, protecc, vend. comerc.	81,6	162,6	244,2	87,7	162,2	249,9	7,5	-0,2	2,3
Trab. cualificado no sector primario	31,5	19,8	51,3	35,5	17,8	53,3	12,7	-10,1	3,9
Trab. cualif. ind. manufact, construcc., minaría, agás operad.	131,5	17,6	149,1	124,1	17,6	141,7	-5,6	0,0	-5,0
Operadores	74,8	13,1	87,9	79,4	15,9	95,3	6,1	21,4	8,4
Ocupacións elementais	43,3	64,2	107,5	43,1	64,7	107,8	-0,5	0,8	0,3
Ocupacións militares	6,1	0,9	7,0	5,2	0,2	5,4	-14,8	-77,8	-22,9
Grupos de idade									
16-19 anos	3,4	1,2	4,6	3,5	1,8	5,3	2,9	50,0	15,2
20-24 anos	18,7	12,1	30,8	23,1	15,1	38,2	23,5	24,8	24,0
25-34 anos	91,9	81,6	173,5	91,8	85,2	177,0	-0,1	4,4	2,0
35-44 anos	168,3	152,8	321,1	167,7	148,3	316,0	-0,4	-2,9	-1,6
45-54 anos	173,6	151,7	325,3	177,4	161,3	338,7	2,2	6,3	4,1
55 e máis anos	121,0	106,4	227,4	123,6	113,6	237,2	2,1	6,8	4,3
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos	0,6	0,3	0,9	0,4	0,3	0,7	-33,3	0,0	-22,2
Educación primaria	16,1	10,4	26,5	15,3	8,8	24,1	-5,0	-15,4	-9,1
Educación secundaria	329,5	229,6	559,1	330,3	238,2	568,5	0,2	3,7	1,7
Educación superior	230,6	265,4	496,0	241,2	278,1	519,3	4,6	4,8	4,7

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

Non obstante, o devandito incremento da ocupación non é homoxéneo entre os distintos sectores e ramas de actividade, centrándose esta medra nas actividades sector servizos consideradas no seu conxunto e no sector pesqueiro. No concernente ao sector terciario, o incremento do 5,9% experimentado no terceiro trimestre de 2021 (6,9% entre as mulleres e 5,2% entre os homes) ven explicado fundamentalmente pola medra do 11,1% no subsector de comercio e reparación de vehículos de motor (17.800 persoas) e do 8,7% no caso do conxunto de actividades englobadas nas actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (13.000 persoas máis). Por contra, a única rama que presenta unha caída interanual da ocupación é a hostalería, cunha redución do emprego do 8,3% (6.400 persoas menos), permanecendo practicamente estable no caso da educación, cunha medra do 0,6% (400 persoas). Doutra banda, o emprego na pesca aumenta un 18,5% respecto ao ano anterior, sendo este incremento do 58,6% no caso das mulleres (1.700 mulleres ocupadas máis) e do 11,3% entre as mulleres (1.800 máis).

Por contra, pola súa importancia cómpre salientar o preocupante o descenso da poboación ocupada no sector industrial (8.800 persoas ocupadas menos) impulsado fundamentalmente pola caída da poboación ocupada nas ramas manufactureiras (7.500 persoas menos), o sector enerxético e extractivo (1.000 e 200 menos, respectivamente). Entre as distintas actividades manufactureiras hai que salientar dende o punto de vista positivo o incremento da ocupación no subsector da industria agroalimentaria, cunha medra interanual do 14,2%, o que supón 5.500 persoas máis, das que 3.300 son homes (17,2%) e 2.200 mulleres (11,1%). En contraposición a este incremento, a maior intensidade da destrución de emprego prodúcese nas industria da madeira, cunha caída superior ao 20%, por diante da industria téxtil e de material de transporte, cunha caída en torno ao 13,5%. En termos absolutos o descenso máis acusado estimase na industria de material de transporte, con 5.500 persoas menos, superando á industria da madeira, con 3.900 persoas ocupadas menos.

Xunto á devandita caída da ocupación no sector industrial, a construción e o sector agrogandeiro e forestal presentan unha redución interanual do 7,3%, o que supón 5.600 persoas ocupadas menos no caso da construción e de 3.800 persoas no sector agrario.

Tras esta evolución o sector servizos concentra no último trimestre o 71,8% da poboación ocupada en Galicia, o que supón un total de 798.700 persoas, representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14% (156.000 persoas ocupadas). O sector primario e a construción concentran o 6,4% da poboación ocupada total en Galicia

"poboación ocupada en Galicia no terceiro trimestre de 2021: distribución segundo sexo e ramas de actividade"

Poboación ocupada

	2021 (en miles de persoas)			21/20 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.112,5	587,1	525,4	2,8%	1,8%	3,9%
Sector Primario	70,9	50,3	20,6	-0,4%	3,5%	-8,8%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	48,5	32,5	16,1	-7,3%	-0,3%	-18,3%
Pesca e acuicltura	22,4	17,8	4,6	18,5%	11,3%	58,6%
Industria	171,9	121,5	50,4	-4,9%	-7,4%	2,0%
Industrias extractivas	4,0	3,6	0,4	-4,8%	-5,3%	0,0%
Industria manufactureira	156,0	109,4	46,6	-4,6%	-5,6%	-2,3%
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	44,3	22,3	22,0	14,2%	17,4%	11,1%
Industria téxtil do coiro e do calzado	6,3	1,9	4,4	-13,7%	-5,0%	-17,0%
Industria da madeira, papel e mobles	14,3	11,8	2,5	-21,4%	-19,2%	-28,6%
Metalurxia e prod. metálicos, electrónicos, eléctricos e maquinaria	30,7	27,6	3,0	-6,4%	-3,5%	-28,6%
Fabricación material de transporte e grandes reparacións industriais	37,1	30,9	6,3	-13,5%	-9,6%	-27,6%
Resto da industria manufactureira	23,3	14,8	8,4	-1,3%	-14,9%	35,5%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	12,0	8,6	3,5	-7,7%	-25,9%	150,0%
Construción	70,9	66,2	4,8	-7,3%	-5,8%	-22,6%
Servizos	798,7	349,2	449,6	5,9%	6,9%	5,2%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos de motor e motocicletas	177,5	87,2	90,3	11,1%	15,5%	7,2%
Transporte e almacenamento	52,4	43,7	8,8	8,0%	14,1%	-13,7%
Hostalaria	70,7	27,5	43,3	-8,3%	-15,1%	-3,1%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	161,7	84,3	77,4	8,7%	9,8%	7,6%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	75,9	42,6	33,3	6,5%	8,7%	3,7%
Educación	68,1	19,1	49,0	0,6%	-13,6%	7,5%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	110,7	24,1	86,6	4,2%	7,6%	3,3%
Resto de servizos	81,7	20,6	61,1	8,9%	3,0%	11,1%

(70.900 persoas). Atendendo á evolución da estrutura da ocupación en Galicia dende o momento antes do inicio da crise cómpre indicar o incremento do peso do sector servizos que no último trimestre se sitúa 1,5 puntos porcentuais por riba do estimado no terceiro trimestre de 2019, sendo esta medra de sete décimas no caso das actividades comerciais e reparación de vehículos de motor e de seis décimas no caso do transporte e da administración pública. No sector industrial a importancia relativa da industria manufactureira é de 1.4 puntos porcentuais ao representar o 15,4% da ocupación en 2019, reducíndose o peso nas distintas ramas manufactureiras agás no caso da industria de alimentación.

Se a comparación se realiza coa situación existente no mesmo trimestre do ano 2009, tras o inicio da anterior crise económica, Galicia presenta unha importante redución do peso da construción, que nese ano representa o 10,3% da poboación ocupada total, case catro puntos máis en 2021, sendo esta medra de 6,7 puntos no caso

Estrutura da ocupación en Galicia no terceiro trimestre 2009, 2019 e 2021. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



do sector servizos, e de 1,8 puntos no sector primario. Asemade, é importante mencionar o incremento de tres puntos da importancia relativa das actividades sanitarias (7% en 2009), o que contrasta coa redución no caso da industria manufactureira no seu conxunto (14,9% en 2009). Con todo, no ámbito manufactureiro fronte ao descenso experimentado no caso da industria téxtil e da industria da madeira, entre os dous períodos considerados aumenta a importancia relativa do sector da industria agroalimentaria.

Calidade do emprego

Tal e como se mencionou anteriormente, o crecemento económico non se traduce nunha mellora da calidade de emprego na mesma intensidade tendo en conta tanto o maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto da ocupación a tempo completo como un incremento dos asalariados con contrato temporal significativamente máis intenso que dos que teñen un contrato indefinido. Dunha banda, a ocupación a tempo parcial no terceiro trimestre do ano medra un 10,4% respecto ao ano anterior (14.000 persoas máis) fronte ao 1,7% no caso da ocupación a tempo completo (16.000 persoas máis). A análise da desagregación segundo sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres xa que o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia nese terceiro trimestre son mulleres -porcentaxe 1,2 puntos inferior á do ano anterior aínda que está 1,2 puntos por riba do estimado no mesmo período do ano 2019-, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 42,9%, porcentaxe similar á de 2019 (42,5% en 2020). No caso do emprego asalariado, o emprego a tempo parcial medra un 8,1% (9.800 persoas) fronte ao 1,6% no caso do emprego a tempo completo (12.100 persoas máis). Doutra banda, o 23% das mulleres asalariadas teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 6,2% estimado na ocupación entre os homes (22,3% e 5,7% no ano precedente, respectivamente).

Doutra banda, o número de persoas asalariadas con contrato temporal medra un 8,4% (18.200 persoas máis) fronte ao 0,6% estimado entre aquelas persoas que teñen contratos indefinidos (3.800 persoas). O devandito incremento do emprego temporal prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben volve a ser máis intenso entre as mulleres, onde o emprego temporal medra un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes (14.800 e 3.800 persoas máis, respectivamente). De xeito similar, o número de persoas asalariadas con contratos indefinidos

aumenta lixeiramente tanto no caso das mulleres como no dos homes, incrementándose en maior medida no emprego feminino, cunha medra interanual do 1,1% (3.400 mulleres), que no masculino (0,1%; 300 persoas).

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade aumenta ata o 26%, case punto e medio superior á rexistrada no mesmo período do ano anterior. Atendendo a este indicador a calidade de emprego feminino é inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa no 28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes. Asemade, cómpre resaltar que en comparación co estimado no terceiro trimestre do ano 2019, a taxa da temporalidade redúcese tan só en dúas décimas entre as mulleres fronte aos dous puntos e medio porcentuais no caso dos homes. No conxunto de España a temporalidade sitúase no 26%, oscilando esta entre o 28,3% no caso das mulleres e o 23,7% no dos homes.

Ao igual que acontecía antes da crise económica, o devandito incremento da contratación temporal prodúcese tanto no sector público como privado, sendo máis intenso no segundo caso, o que contrasta coa redución estimada no ano anterior nos contratos temporais no sector privado. No terceiro trimestre do 2021 os asalariados temporais no ámbito público aumentaron un 10,3% respecto ao ano anterior fronte ao 1,3% no caso dos contratos indefinidos, sento estas porcentaxes inferiores no sector privado (7,7% e 0,3%, respectivamente). A taxa de temporalidade no ámbito público aumenta ata o 29,8%, case cinco puntos por riba do estimado para o sector privado (24,9%), o que contrasta co acontecido no terceiro trimestre do ano 2019, antes da crise orixinada polo coronavirus. Ao igual que en Galicia, no conxunto do estado a temporalidade no sector público é significativamente máis elevado que no privado, situándose no 31,6% e 24,6%, respectivamente.

Teletraballo

As restricións de mobilidade causadas polo COVID motivou o impulso do teletraballo, de xeito que no segundo trimestre de 2020 un total de 145.000 persoas traballou no seu domicilio máis da metade dos días que traballou, o 13,8% da poboación ocupada galega (16,2% no conxunto do Estado), das que 78.800 eran mulleres (12% das mulleres ocupadas) e os restantes 66.100 persoas son homes (15,8%).

No terceiro trimestre de 2021 descende o número de persoas que teletraballan en relación ao trimestre anterior, aínda que presenta valores superiores aos estimados no derradeiro trimestre de 2020. No último trimestre un total de 70.500 persoas teletraballou máis da metade dos días que traballou, o que representa o 6,3% da poboación ocupada (8% en España), a porcentaxe máis reducida den-

de o comezo da serie estatística. Esta porcentaxe é lixeiramente superior no caso dos homes que no das mulleres (6,4% e 6,2%, respectivamente). Asemade, cómpre indicar que o 87,9% dos ocupados non teletraballou ningún día (977.700 persoas ocupadas) sendo esta porcentaxe superior á acadada no conxunto do Estado (86,5%).

Desemprego

A análise da evolución do desemprego desde o comezo da crise orixinada pola COVID está fortemente condicionada tanto polo cese total ou parcial da actividade como polas restricións de mobilidade aprobadas para frear a expansión do virus, que impiden a procura activa de emprego, condición indispensable para que estatisticamente a EPA considere unha persoa como parada, ou a aplicación e prórrogas dos ERTE. Tras a mellora da ocupación no terceiro trimestre do ano, os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten o descenso da poboación parada en Galicia ata as 126.700 persoas, 18.100 persoas menos que no ano anterior, das que 65.300 son mulleres (51,5%) e 61.400 son homes (48,5%).

En termos relativos, a poboación parada redúcese tanto en Galicia como en España, sendo esta caída de maior intensidade na C.A., cun descenso do 12,5% respecto ao ano precedente fronte ao 8,2% no conxunto do Estado. Tras esta evolución a taxa de paro en Galicia sitúase no 10,2%, 1,6 puntos porcentuais menos que no mesmo período do ano anterior, situándose esta taxa no 14,6% no conxunto do Estado (16,3% no ano anterior). Se a comparación se realiza co estimado antes da crise económica, Galicia presenta unha minoración das taxas de paro de 1,5 puntos porcentuais o que contrasta coa medra en oito décimas estimada para o conxunto de España.

O devandito descenso do desemprego estimado na EPA tamén se reflicte no caso do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego. Tras unha redución do 13,7% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o desemprego medio mensual en Galicia sitúase en 152.084 persoas, 24.195 menos que no ano anterior. Atendendo á evolución mensual, a partir de abril o desemprego mantense por baixo do rexistrado nos mesmos meses do ano anterior, situándose a partir de agosto en niveis inferiores aos de 2019.

Se se define o desemprego efectivo coma o paro rexistrado máis o número de traballadores afectados por un ERTE, no ano 2021 o paro presenta unha tendencia descendente, acadando xa en marzo niveis inferiores aos do

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2021.

	2019				2020				2021		
	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II	III
	(en miles de persoas)										
Población parada	153,9	140,4	143,5	145,8	156,8	142,5	144,8	142,6	158,3	152,4	126,7
Homes	77,5	68,9	63,7	66,2	71,9	71,8	69,0	65,4	74,7	71,7	61,4
Mulleres	76,5	71,4	79,7	79,5	84,9	70,7	75,9	77,3	83,6	80,6	65,3
Desemprego de longa duración	59,9	56,0	56,7	55,7	55,4	40,1	53,7	50,1	61,4	63,7	51,5
	(Taxa de variación interanual; %)										
Población parada	-17,5	-19,8	-6,2	-2,1	1,9	1,5	0,9	-2,2	1,0	6,9	-12,5
Homes	-14,9	-16,3	-11,5	-8,9	-7,2	4,2	8,3	-1,2	3,9	-0,1	-11,0
Mulleres	-19,8	-23,1	-1,6	4,3	11,0	-1,0	-4,8	-2,8	-1,5	14,0	-14,0
Desemprego de longa duración	-30,8	-30,8	-10,4	-9,0	-7,5	-28,4	-5,3	-10,1	10,8	58,9	-4,1
	(porcentraxe de poboación activa; %)										
Tasa de paro											
Total	12,5	11,3	11,5	11,7	12,6	11,9	11,8	11,7	13,0	12,4	10,2
Homes	12,1	10,7	9,8	10,3	11,1	11,5	10,7	10,3	11,8	11,3	9,5
Mulleres	12,8	12,0	13,3	13,3	14,3	12,4	13,0	13,2	14,3	13,6	11,1
Segundo nivel de estudos											
Estudos primarios	30,6	25,6	26,7	29,5	27,2	26,0	22,6	20,4	22,5	22,7	18,6
ESO. 1ª etapa	15,8	15,2	13,2	13,7	15,2	13,7	12,9	13,8	16,0	14,5	11,5
ESO. 2ª etapa	13,9	11,8	13,2	13,0	14,1	12,5	13,2	12,4	15,1	15,0	10,8
Educación superior	7,4	7,0	7,9	8,4	9,0	9,6	9,7	9,3	9,5	9,2	8,7
Segundo grupos de idade											
Menores de 25 anos	31,5	26,8	26,2	27,4	28,1	34,3	36,6	33,7	33,1	33,7	24,3
De 25 a 54 anos	12,1	10,9	10,9	11,2	12,5	11,8	11,1	11,4	12,8	11,7	9,7
Maiores de 55 anos	9,8	9,5	10,0	10,1	9,9	8,1	8,9	8,7	9,6	11,0	9,0
Segundo nacionalidade											
Española	11,9	10,8	10,7	11,0	12,0	11,3	11,1	10,7	11,8	11,5	9,6
Estranxeira	23,2	21,9	24,9	25,3	24,8	23,2	22,5	27,8	33,1	27,8	21,3

Fonte: IGE

ano 2009. Cómpre destacar que en setembro de 2021 o paro efectivo tal e como se definiu tan só supera en 5.912 persoas ao rexistrado no mesmo mes de 2019, cando en xaneiro este diferencial ascendía a 58.994 persoas (no mes de outubro este paro efectivo xa é inferior ao de 2019).

Evolución do paro rexistrado en Galicia 2008, 2009, 2013, 2019-2021.



Fonte: IGE

Centrándose na análise da poboación parada (EPA), a evolución das taxas de paro reflicten que o desemprego afecta en maior medida ao desemprego feminino tendo en conta as taxas de paro femininas son máis elevadas que ás correspondentes aos homes. A taxa de paro entre as mulleres redúcese en dous puntos porcentuais respecto ao ano anterior para situarse no 11,1% en tanto que entre os homes a taxa de desemprego descende ata o 9,5%, 1,2 puntos menos que no terceiro trimestre de 2020.

En relación ao resto da CC.AA. Galicia sitúase entre as CC.AA. con menor taxa tras Aragón (8,8%), País Vasco (9,9%), e Cantabria e Castela e León (10%). No que á taxa de paro feminina se refire, Galicia volve a presentar unha das taxas máis reducidas, cun 11,1%, tan só superada por Navarra, cun 9,3%; Aragón, co 9,8%; e País Vasco, cun 10,5% (media estatal 16,4%). Dunha banda, a taxa de desemprego masculina descende ata o 9,5%, situándose tamén como a quinta C.A. coa taxa máis reducida tras Castela e León, cun 7,7%; Aragón, co 7,9%; Cantabria, co 9,2%; e País Vasco, cun 9,4% (media estatal 13%).

As persoas menores de 25 anos, es-

tranxeiros e con estudios primarios seguen a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a pesar do forte descenso experimentado, a taxa de paro entre os menores de 25 anos sitúase no 24,3%, 12,3 puntos menos do estimado no ano anterior, mentres que entre as persoas de 25 a 54 anos a taxa de paro sitúase no 9,7% e entre os maiores de 55 anos no 9% (11,1% e 8,9% respectivamente no ano anterior). Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro sitúase no 22,6% no caso das persoas con estudos primarios, catro puntos menos que no ano

Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2021



Fonte: IGE

anterior, reducíndose ata o 8,7% entre aquelas con educación superior (9,7% no ano anterior). Por último, a taxa de paro entre as persoas con nacionalidade estranxeira redúcese ata o 21,3% no terceiro trimestre do ano, 1,2 puntos menos que no ano anterior, sendo esta caída de maior intensidade no caso das persoas de nacionalidade española, cuxa taxa de desemprego sitúase no 9,6%, punto e medio menos que en 2020.

Por último cómpre facer referencia á evolución do desemprego de longa

duración, que reflicte o acusado impacto da crise orixinada pola pandemia tendo en conta o incremento do número de persoas nesta situación de desemprego: entre o segundo trimestre de 2020 e o segundo de 2021 o número de persoas paradas de longa duración aumentara case un 59% (23.600 parados máis), pasando o seu peso relativo no paro total do 28,1% ata o 42%. A devandita consolidación da reactivación económica favorece que o paro de longa duración descenda ata as 51.500 persoas, o que supón unha caída do 4,1% respecto ao mesmo período do ano anterior. Tendo en conta que o paro total redúcese un 12,5%, o peso relativo do desemprego de longa duración representa o 40,6% do desemprego total.

O devandito descenso rexístrase tan só entre as persoas cunha idade comprendida entre 25 e 34 anos e en maior medida entre as de 45-54 anos. Dunha banda, no terceiro trimestre do ano o paro de longa duración entre as persoas de 45 a 54 anos redúcese en 4.300 persoas respecto ao ano anterior (-25%), acadando os 12.900 parados, o que representa o 25% do paro de longa duración. Entre as persoas de 25-34 anos o descenso foi do 11,8% (1.200 persoas menos) ascendendo o paro de longa duración ata as 9.000 persoas, o 17,5% do paro total de longa duración. No extremo oposto, entre as persoas maiores de 55 anos o paro aumenta case un 20% (2.500 persoas máis que no ano anterior), entre as persoas de 35-44 anos un 5,8% (600 persoas máis) e nos menores de 25 anos un 2,9% (100 persoas).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS

//ABANCA	ASOCIACION GALLEGA DE LA EMPRESA FAMILIAR	Casal de Armán
civisglobal construimos entorno	COREN	CRTVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja	Domusvi Cuidamos personas en buena compañía	Galuresa Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.	HIJOS DE RIVERA, S.L. CORPORACIÓN	JEALSA
MEGASA	Naturgy	Grupo Nogar
PÉREZ RUMBAO	ReVi	Rodiñas
Rodman	CONSORCIO ZONA FRANCA VIGO	Grupo de investigación GEN Universidade Vigo



//ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

IV / 2021

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es